

AS IRMANDADES DA FALA



BOLETÍN DECENAL

Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal

1916

PREZOS DE SUBSCRIPCIÓN

Na Cruña, o mes. 40 céntimos

Fora, 50 céntimos

Coste d'un número 10 céntimos

Número 1

Redacción

e administración

CANTÓN GRANDE


16, BAIXO

A CRUÑA

14 NOVEMBRO

OS FUNDADORES

Aurelio Ribalta, escritor galego que residía en Madrid e membro dun grupo de intelectuais galeguistas alí establecido, realizou un chamamento desde a revista *Estudios Gallegos* para defender a lingua galega en 1915.



O 5 de xaneiro de 1916 **Antón Vilar Ponte** recolleu a chamada de Aurelio Ribalta e comezou unha campaña para a creación dunha **Liga de Amigos do Idioma Galego** e en marzo publicou o folleto *Nacionalismo gallego (Apuntes para un libro)*. *Nuestra afirmación regional*, no que volve sobre a cuestión da defensa, dignificación e fomento do uso da lingua galega.


Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias galle

OS PRIMEIROS PASOS

Os irmáns Vilar Ponte, Losada Diéguez, Vicente Risco ou Ramón Cabanillas foron as cabezas visíbeis dun movemento que demandou a galeguización plena da sociedade. Tras a **constitución da primeira sociedade na Coruña (1916)**, o movemento espallouse rapidamente por toda Galiza. No transcurso da súa acción deron conferencias e promoveron a actividade editorial nas principais cidades galegas, que se concreta en iniciativas como **Céltiga** en Ferrol, **Lar** na Coruña, **Alborada** en Pontevedra. Crearon a revista **A Nosa Terra**, que foi o seu medio de comunicación desde o que deron a coñecer os seus ideais.



Documento de pertenza ás Irmandades asinado por Vilar Ponte



Membros das Irmandades da Fala en Monforte

O XERMOLO DO NACIONALISMO

No ámbito político, as Irmandades defenderon unha "autonomía integral" dentro dunha **federación ibérica en igualdade de relacións con Portugal**, o ingreso das nacionalidades da península na Liga das Nacións, a desaparición das deputacións e a constitución dun Parlamento e dun Goberno propios que exerceran o poder galego. Da súa primeira reunión conxunta, que tivo lugar en Lugo en 1918, sae un manifesto considerado o documento fundacional do nacionalismo galego.



Asemblea de Lugo de 1918

FERRER-CORUÑA

= 16, BAIXO =

BOLETÍN DECENAL

Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal

A CRUÑA

14 NOVEMBR

A I Asemblea Nazonalista celebrouse en Lugo entre o 17 e 18 de novembro de 1918 e contou coa asistencia de 16 agrupacións locais representadas por unhas 60 persoas, a metade procedente da cidade da Coruña. Desta Asemblea saíu o "Manifesto Nazonalista" que supuxo a superación definitiva do rexionalismo e que constituiría a base común de todos os programas do nacionalismo galego ata a Guerra Civil. Nel defínese a Galiza como nación, reclámase a autonomía integral de Galiza e a cooficialidade do galego.



A NOVA TERRA
BOLETIN DECEÑAL
Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal
Fundación e Administración: PASEO MÚÑEZ SÚÑEZ (Irmandade da Fala) Números 73 e 74 A CORUÑA 5 DE MAIÑO DE 1918

PREZOS DE SUSCRIPCIÓN
En Creba 4 mes. 40 cts.
Conte d'un año. 15 -
Fora, trimestre. 1'50 pts.
América. 1/2 -
Pagos adelantados

A Asemblea nazonalista de Lugo

MANIFESTO

Os penseiros das Irmandades da Fala reunidos en Asemblea magna tida na cidade de Lugo nos días 17 e 18 do mes de maio para conquistar o Goberno da Sua Magestade El Rey a autonomía integral da Nación Galega e fixar n-un programa concreto as que colidan estas solucións dos problemas que interesan d'un xeito fondonal ao a vista nazonal da Galicia, aprobaron e asinaron, c-o consenso ateguido de esperanza e os ollos postos no porvir da nosa Terra, as seguintes conclusións, que fan públicas pra coñecemento e meditación do pobo galego nestora solemne do alba das nacionalidades que sinten tremelar a súa y-alma e fan xurdir a súa personalidade.

I
Previa
Tendo a Galicia todas as características esenciais de nacionalidade, non nomeadamente, de oxe pra sempre, nazonalistas galegos, xa que a verbe «rexionalismo» non recoile todas as aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas.

II
Problemas constituintes
1.ª Autonomía integral pra-a Galiza.
2.ª Autonomía municipal, distinguindo o Concello aldeán do vilieiro, axerándose o Concello aldeán sóbor da base do recoñecemento da personalidade xurídica das parroquias, que serán as súas xuntas, eleixidas anti-os cabezas de familia—petruchos—homes ou mulleres, pra termaren dos seus bés privativos. Os presidentes ou cabezaleiros d-estas xuntas serán vocados ou Concelleiros da Corporación municipal e nomearán, de entre eles, o Alcalde que dirixa o Concello. As parroquias, con personalidade xurídica, poderán contratar e y-estabelecer seguros e institucións de creto anti-os veciños e administrar os bés comúns, que o Poder Central terá de lles restituire dispoñendo o seu aproveitamento.
3.ª O Concello terá de sere, pol-o tanto, mais que unha organización de carácter administrativo, unha prolongación ou complemento das parroquias, como estas o son do lugar, que presidirá a vida económica e social das mesmas.
4.ª Cooficialidade dos idiomas galego e castelán.
5.ª Federación da Iberia.
6.ª Dentro d-esta federación, igualdade de relacións con Portugal.
7.ª Creación n-a accidentalidade das formas de Goberno, interesámonos acerrar que nos apelamos por ningunha, mais simpáticamente, dende logo, con aquela que se amostra mais doada pra chegarmos á federación con Portugal.
8.ª Ingreso das nacionalidades da Iberia na Liga das Nacións.

III
Problemas políticos
1.ª Igualdade de dereitos pra-a muller.
2.ª Censión electoral:
a) A función electoral terá de sere da responsabilidade do goberno e protexida pol-o Poder público.
b) Representación proporcional como sistema electoral.
c) Non serán eleixibles os elementos que non rendan unha función útil pra-a colectividade.
d) A Asemblea declara: que si nas eleccións pra Cortes Constituentes Hespáñolas non se nos dera unha prenda en garantía excepcional pra que a vontade do pobo poida manifestarse con toda liberdade —pola co-as organizacións olgárquicas de oxe non sería abranguible— apeláramos ás representantes das nacionalidades Euzkara e Catalana e, si elo non abundara, ó Estado mais alin ó noso, pra que na Liga das Nacións defendamos o noso dereito á liberdade cidadáns.

3.ª Acabamento das Diputacións provinciais.
4.ª Creación do Poder Autónomo, representado por un Xuntoiro ou Parlamento Galego, eleixido por sufraxio universal, con todas as facultades que a reforma da Constitución non garde pra-o Poder Central e sempre, pol-o menos as seguintes:

IV
Facultades do Poder Galego
1.ª Nomeamento da Xunta gobernadora, que terá de exercer o Poder Executivo, composta d-un Presidente e seis Segredarios encargados dos Departamentos de Administración, Xusticia, Ensino, Obras Públicas, Agricultura e Industria e Comercio.
2.ª Toda-as funcións administrativas.
3.ª Lexislación social, hasta n-aqueles casos nos que os problemas sociais se extendan ás diversas nacións da Iberia.
4.ª Reximen tributario, sin intervención do Poder Central, ó que somentes pagará o Autónomo a cantidade que se fixe n-os concertos económicos.
5.ª A potestade docente do Estado actual pasará enteira ó Poder Galego.
6.ª O reximen bancario, n-u que intervirá pol-a función social que oxe teñen os Bancos, A mesma facultade pra-a solución do Creto Agrícola.
7.ª Correos e Telégrafos: o seu servizo ó cargo do poder Central; a súa creación será coosa do Poder Autónomo; o servizo dos Teléfonos encarga do Poder

A SECCIÓN FEMININA



Elvira Bao



María Miramontes

A Sección Feminina da Irmandade da Fala da Coruña fúndase en 1918, como consecuencia lóxica do posicionamento do nacionalismo galego a favor dos dereitos das mulleres e da disposición á acción dalgunhas das integrantes das Irmandades. A diretiva desta Sección Feminina está integrada por Micaela Chao Maciñeira, como primeira conselleira, Xosefa Vázquez, Elvira Bao, Tareixa Chao, Ermitas López Verdes, María Balboa, Rosa Martínez, Avelina Fernández, Teresa Fernández, María Miramontes, Xenoveva Casal e Avelina Sardina. Porén, os traballos das militantes das Irmandades son anteriores á fundación desta Sección.

A participación das mulleres nas campañas de axitación do nacionalismo acadou un relevo impropio das organización políticas do momento. O teatro tamén foi un instrumento do nacionalismo para a propaganda, destacando nesta función algunha das *irmandiñas*. Igualmente destacado foi o seu labor nas Escolas de Insiño Galego (María Miramontes)

MEMBROS SENLLEIROS



Antonio Vilar Ponte



Antón Losada Diéguez



Vicente Risco



Micaela Chao Maciñeira



Ramón Otero Pedrayo



Ramón Cabanillas



Afonso Daniel Rodríguez Castelao



Florentino López Cuevillas

EDLGs: IES Nº1, Ordes + IES San Clemente, Compostela



Maio, 2016

Equipos de Dinamización da Lingua Galega
IES nº 1 de Ordes
IES San Clemente, Compostela

Fontes:
gl.wikipedia.org
sermosgaliza.gal

BOLETÍN DECENAL

Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal

1916

PREZOS DE SUSCRIPCIÓN

Na Cruña, o mes. 4,50

Fora, 5,50

Coste d'un número 1,50

Número 1

Redacción e administración

CANTÓN GRAND

16, BAIXO

A CRUÑA

14 NOVEMBRO